Seleccionar o sistema máis adecuado segundo o tipo de mercancía e o volume de operación.

Resultados ou produtos

Cadro comparativo de equipos e sistemas de almacenaxe.

Identificación e descrición dos equipos empregados nun caso práctico.

Recursos específicos

Imaxes e vídeos de sistemas de almacenaxe reais, fichas técnicas, catálogo de equipos, maquetas ou diagramas.

UD	Título da UD	Duración
3	As mercadorías, recepción, rexistro e xestión de stocks	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	As mercadorías	Identificación das características principais das mercadorías (tipoloxía, embalaxe, manipulación, conservación e riscos) e análise das condicións necesarias para o seu almacenamento seguro e eficiente.	10

Criterios de avaliación

RA3 - Determina as condicións de preparación de pedidos e a expedición das mercadorías do almacén, aproveitando optimamente tempos e recursos, de acordo coa normativa en materia de manipulación e transporte

CA3.1 - Transmitíronse as instrucións de preparación de pedidos polo sistema de xestión implantado

CA3.2 - Optimizouse a colocación de mercadorías nas unidades de carga, reducindo ocos e asegurando a súa estiba

CA3.4 - Deseñouse o sistema de abastecemento de mercadorías á zona de preparación de pedidos, mellorando as operacións necesarias

CA3.5 - Realizouse a sinalización, a rotulación, a codificación, a etiquetaxe, etc., das mercadorías que se vaian expedir

Contidos

BC2 - Aplicación de técnicas de recepción e disposición de mercadorías no almacén

C2.2 - Documentos de acompañamento da mercadoría.

BC3 - Determinación das condicións de preparación de pedidos e expedición da mercadoría

C3.4 - Localización de mercadorías no almacén.

C3.5 - Embalaxe da mercadoría.

C3.6 - Sinalización e rotulación do pedido.

C3.7 - Etiquetaxe.

C3.8 - Normativa de sinalización.

C3.9 - Recomendacións recoñecidas sobre sinalización e rotulación.

C3.10 - Materiais e equipamentos de embalaxe.

C3.11 - Consolidación de mercadorías.

Obxectivos específicos

Coñecer a tipoloxía das mercadorías segundo as súas características físicas e de conservación.

Identificar os requisitos de manipulación e seguridade asociados a cada tipo de produto.

Relacionar o tipo de mercancía co sistema de almacenamento máis axeitado.

Resultados ou produtos

- Ficha técnica ou táboa de clasificación de diferentes mercadorías.
- Proposta de almacenamento axeitado segundo características (peso, volume, perigosidade, conservación).

Recursos específicos

Mostras de produtos ou fichas informativas, vídeos de manipulación segura, documentos técnicos, planos de almacenamento.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Xestión de stocks	Introdución á xestión das existencias mediante o cálculo de niveis de stock, análise de rotación, identificación de custos e aplicación de métodos básicos como stock mínimo, punto de pedido ou stock de seguridade.	10

Criterios de avaliación

RA3 - Determina as condicións de preparación de pedidos e a expedición das mercadorías do almacén, aproveitando optimamente tempos e recursos, de acordo coa normativa en materia de manipulación e transporte

CA3.3 - Determinouse o método de preparación de pedidos e/ou embalaxe máis axeitado para as características da mercadoría e do almacén

CA3.6 - Confeccionouse a documentación que se lle achega á mercadoría expedida

CA3.7 - Consideráronse as condicións do seguro máis favorables para a empresa, no transporte da mercadoría expedida

CA3.8 - Elixíuse o medio transporte máis axeitado para a mercadoría expedida

Contidos

BC3 - Determinación das condicións de preparación de pedidos e expedición da mercadoría

C3.1 - Ordes de pedido.

C3.2 - Sistemas de preparación de pedidos.

C3.3 - Fases na preparación de pedidos.

C3.12 - Documentación de envíos.

C3.13 - Transporte de mercadorías.

C3.14 - Seguros sobre mercadorías.

C3.15 - Xestión de residuos de almacén.

C3.16 - Normativa ambiental en materia de almacenaxe e xestión de residuos.

Obxectivos específicos

Comprender a importancia do control de stocks para a actividade comercial.

Calcular indicadores fundamentais: rotación, stock medio, stock mínimo, stock de seguridade e punto de pedido.

Interpretar datos de inventario e tomar decisións básicas sobre reposición.

Resultados ou produtos

- Táboa de cálculos cos principais indicadores de xestión de stocks.
- Informe breve con propostas de reposición segundo os resultados.

Recursos específicos

Follas de cálculo, inventario simulado, exemplos reais de datos de existencias, calculadora, documentación de apoio.

UD	Título da UD	Duración
4	Valoración de existencias e inventario, expedición, transporte e entrega de mercadorías	25

	Actividade	Descrición	Duración
1	Valoración de existencias e inventario	Realización dun inventario simulado no almacén e aplicación dos principais métodos de valoración de existencias (PEPS/FIFO, UEPS/LIFO, PMP, custo medio), analizando o seu impacto sobre os resultados e o control da mercadoría.	25

Criterios de avaliación

RA4 - Aplica técnicas de xestión de existencias de mercadorías no almacén, analizando parámetros de control e realizando inventarios

- CA4.1 - Calculáronse os parámetros de xestión e control de inventarios utilizados habitualmente no almacén
- CA4.2 - Establecéronse criterios de cuantificación das variables que detecten as desviacións e roturas de existencias
- CA4.3 - Establecéronse sistemas de control de inventarios realizados por medios convencionais ou informáticos
- CA4.4 - Establecéronse normas ou protocolos de funcionamento de almacén que regularicen as diferenzas achadas, de ser o caso, na realización de inventarios
- CA4.5 - Identificáronse as causas polas que poden existir descadramentos entre as existencias físicas e as contables
- CA4.6 - Propuxéronse medidas que corrixa os descadramentos de almacén, e transmitíronse as incidencias de acordo coas especificacións establecidas

Contidos

BC4 - Aplicación de técnicas de xestión de existencias de mercadorías

- C4.1 - Existencias de mercadorías.
- C4.2 - Comportamento das existencias: existencias mínimas, medias, de seguridade e de ciclo, punto de pedido, lote económico, prazo de entrega e prazo de reaprovisionamento. Rotura de existencias e o seu custo.
- C4.3 - Sistemas de reposición de existencias.
- C4.4 - Valoración de existencias: criterios e métodos.
- C4.5 - Recontos e inventarios.

Obxectivos específicos

- Coñecer os distintos tipos de inventario e a súa finalidade.
- Realizar o reconto físico das existencias e rexistrar diferenzas.
- Aplicar correctamente os métodos básicos de valoración de stocks.
- Interpretar os resultados e comprender o seu efecto na xestión do almacén.

Resultados ou produtos

- Folla de inventario completada con reconto, unidades e incidencias.

- Táboa de valoración das existencias segundo diferentes métodos.
- Breve informe interpretando que método resulta máis axeitado segundo o caso.

Recursos específicos

Inventario simulado ou fichas de artigos, follas de reconto, follas de cálculo, calculadora, documentación de apoio sobre métodos de valoración.

UD	Título da UD	Duración
5	Xestión dos recursos humanos e da seguridade nos almacéns	10

	Actividade	Descrición	Duración
1	RRHH no almacén	Análise das funcións, perfís profesionais e organización do persoal nun almacén, así como a importancia da coordinación, comunicación e responsabilidade nas operacións loxísticas.	5

Crterios de avaliación

RA5 - Programa as actividades diarias do persoal do almacén, de xeito que se garanta o desenvolvemento efectivo e eficaz das actividades

CA5.1 - Determinouse a cantidade de persoal asignado a cada operación de almacén en función das ordes e das especificacións recibidas

CA5.2 - Asignouse persoal a cada tarefa do almacén, respectando a normativa laboral e a de seguridade e prevención de riscos laborais

CA5.3 - Establecéronse sistemas de comunicación das instrucións das ordes e actividades diarias que ten que realizar o persoal do almacén

CA5.4 - Establecéronse métodos de control de desenvolvemento de ordes e actividades do persoal de almacén, de acordo cos sistemas de calidade implantados pola organización

CA5.5 - Establecéronse cronogramas para realizar as operacións habituais do almacén que melloren a produtividade

Contidos

BC1 - Planificación das tarefas diarias das operacións e os fluxos de mercadorías do almacén

C1.6 - Recursos humanos no almacén.

BC5 - Programación das actividades do persoal do almacén

C5.1 - Departamento de loxística.

C5.2 - Principais ocupacións dentro do almacén.

C5.5 - Técnicas de comunicación no traballo en equipo do almacén.

C5.6 - Comunicación verbal e non verbal.

C5.7 - Escoita activa.

C5.8 - Técnicas de comportamento asertivo en equipo dentro do almacén.

Obxectivos específicos

Identificar os principais postos de traballo do almacén e as súas funcións.

Comprender a importancia da organización e coordinación das tarefas.

Analizar as competencias profesionais necesarias para traballar nun almacén.

Resultados ou produtos

- Cadro resumo dos perfís profesionais do almacén e as súas responsabilidades.
- Pequeno caso práctico describindo a organización do persoal nun almacén tipo.

Recursos específicos

Documentos informativos, vídeos sobre organización loxística, fichas de perfís profesionais, pizarra dixital.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Seguridade nos almacéns	Estudo das normas básicas de prevención de riscos e seguridade no almacén, incluíndo manipulación de cargas, sinalización, equipamentos de protección e actuación en caso de emerxencia.	5

Criterios de avaliación
RA5 - Programa as actividades diarias do persoal do almacén, de xeito que se garanta o desenvolvemento efectivo e eficaz das actividades

CA5.6 - Caracterizáronse as necesidades de información e formación do persoal do almacén

CA5.7 - Incorporáronse técnicas de comunicación que promovan no persoal do almacén a súa integración e traballo en equipo

Contidos
BC5 - Programación das actividades do persoal do almacén

C5.3 - Traballo en equipo dentro do almacén.

C5.4 - Interdependencia nas relacións profesionais no almacén.

C5.9 - Coordinación de equipos de traballo no almacén.

C5.10 - Necesidades de formación do equipamento do almacén.

Obxectivos específicos

Coñecer os riscos máis habituais nun almacén e como prevelos.

Identificar equipos de protección individual e colectiva.

Aplicar normas básicas de seguridade na manipulación e almacenaxe de mercadorías.

Resultados ou produtos

- Lista de riscos e medidas preventivas asociadas.
- Proposta dun plan básico de seguridade nun almacén simple.

Recursos específicos

Sinalización de seguridade, vídeos de prevención de riscos, fichas de EPIs, normativa básica de PRL.

UD	Título da UD	Duración
6	APPs	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	APP	Práctica centrada no uso dunha aplicación informática ou APP específica para a xestión do almacén, realizando operacións básicas como recepción, ubicación, control de stocks, preparación de pedidos e emisión de informes.	4

Critérios de avaliación

RA6 - Manexa aplicacións informáticas de xestión e organización de almacéns que melloren o sistema de calidade

CA6.1 - Determináronse as principais tarefas do almacén que poidan ser xestionadas de xeito eficiente mediante aplicacións informáticas

CA6.2 - Determináronse as aplicacións informáticas existentes no mercado que poden xestionar as tarefas do almacén

CA6.3 - Utilizáronse aplicacións informáticas axeitadas para realizar a xestión comercial do almacén

CA6.4 - Utilizáronse simuladores axeitados para a optimización de cargas, paletización, embalaxes e medios de transporte

CA6.5 - Determináronse solucións loxísticas para a automatización e a eficiencia das tarefas do almacén

CA6.6 - Utilizáronse aplicacións informáticas para a mellora continua do sistema de calidade da empresa

Contidos

BC6 - Manexo de aplicacións informáticas de xestión e organización de almacéns

C6.1 - Informática nos almacéns.

C6.2 - Aplicacións informáticas específicas utilizadas na xestión de almacéns.

C6.3 - Simuladores de tarefas.

C6.4 - Automatización de almacéns.

C6.5 - Sistemas informáticos de colocación e seguimento da mercadoría no almacén.

C6.6 - Sistemas de información e comunicación no almacén.

C6.7 - Calidade do servizo de almacenamento de mercadorías.

C6.8 - Nivel de servizo á clientela.

Obxectivos específicos

Familiarizarse co funcionamento dunha APP ou software de xestión de almacén (WMS).

Realizar operacións básicas de almacenaxe utilizando ferramentas dixitais.

Interpretar a información xerada pola aplicación para mellorar o control das existencias.

Comprender as vantaxes da dixitalización na xestión loxística.

Resultados ou produtos

- Rexistros dixitais de entradas, saídas e movementos internos creados polo alumnado na APP.
- Informes xerados pola aplicación: inventario, nivel de stocks, pedidos, incidencias.
- Breve reflexión escrita sobre a utilidade da ferramenta empregada.

Recursos específicos

APP ou software de xestión de almacén (WMS) instalable en PC ou móbil, ordenador ou tablet, conexión a internet, guía de uso ou videotutorial.

UD	Título da UD	Duración
7	Seguridade e hixiene	7

	Actividade	Descrición	Duración
1	Seguridade e hixiene	Análise e aplicación das normas básicas de seguridade, prevención de riscos e hixiene no almacén, incluíndo manipulación de cargas, uso de EPIs, orde e limpeza, sinalización e protocolos de actuación en caso de accidente ou emerxencia.	7

Cráterios de avaliación

RA7 - Aplica a normativa de seguridade e hixiene nas operacións de almacén mediante procedementos de previsión de accidentes laborais

CA7.1 - Determináronse as incidencias e os accidentes máis comúns no traballo diario dentro dun almacén

CA7.2 - Determinouse a normativa aplicable en materia de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais nas actividades propias do almacenamento de mercadorías

CA7.3 - Caracterizáronse as medidas que cumpra adoptar en caso de accidente producido na manipulación da mercadoría dentro do almacén

CA7.4 - Estableceuse o procedemento que haxa que seguir no caso de accidentes no almacén

CA7.5 - Describíronse as cargas físicas e mentais que se producen nas actividades do almacén

CA7.6 - Describíronse as medidas de seguridade que cumpra adoptar e os medios de protección necesarios en caso de incendios menores no almacén

Contidos

BC7 - Aplicación da normativa de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais no almacén

C7.1 - Normativa de seguridade e hixiene no almacén.

C7.2 - Normativa de prevención de riscos laborais no almacén.

C7.3 - Normativa de seguridade no almacenamento de mercadorías perigosas.

C7.4 - Normativa de seguridade e hixiene no almacenamento de mercadorías perecedoiras.

C7.5 - Riscos laborais no almacenamento de mercadorías.

C7.6 - Sinais de seguridade.

C7.7 - Normativa e recomendacións de traballo e seguridade en equipamentos e en instalacións do almacén.

C7.8 - Accidentes de traballo na manipulación e no movemento de mercadorías.

C7.9 - Riscos de incendios no almacén.

Obxectivos específicos

Identificar os principais riscos laborais asociados ao traballo no almacén.

Coñecer e aplicar medidas preventivas relacionadas coa seguridade e hixiene.

Diferenciar os equipos de protección individual e colectiva e o seu uso adecuado.

Valorar a importancia da orde, limpeza e organización como elementos clave de seguridade.

Resultados ou produtos

- Lista de riscos e medidas preventivas nun almacén tipo.
- Pequeno plan ou protocolo de seguridade e hixiene elaborado polo alumnado.
- Ficha de identificación e uso correcto de EPIs.

Recursos específicos

Sinalización de seguridade, fichas de EPIs, normativa básica de PRL, vídeos de boas prácticas, material gráfico sobre hixiene e limpeza no almacén.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar, seguindo as instrucións ditadas pola DXEFPIE relativas ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2025/26. Incluirá os seguintes aspectos:

- Observación de coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado
- Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e información da titoría
- Realización dun cuestionario sobre coñecementos previos
- Realización dunha sesión específica de valoración dos/as alumnos/as o día 7 de outubro

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	18	16	16	15	15	10	10
Lista de cotexo	0	0	15	0	25	20	15
Proba escrita	90	75	75	70	55	40	85
Táboa de observación	10	25	10	30	20	40	0

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Lista de cotexo	10
Proba escrita	71

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de observación	19

Procedemento e criterios de cualificación:

Nas avaliacións parciais, aplicaranse as ponderacións dos CAs que corresponda.

No que se refire ao desenvolvemento das probas teranse en conta os seguintes aspectos:

- En cada proba a/o alumna/o será informada/o da calibración das diferentes cuestións (test, preguntas curtas, encher ocós, responder verdadeiro/falso, relacionar conceptos, etc.) e/ou supostos prácticos formulados. No caso de probas que inclúan cuestionarios test, estes poderán ser de resposta única ou múltiple. Así mesmo, poderanse incluír penalizacións no caso de responder incorrectamente ás preguntas formuladas. Non se penalizarán as preguntas non contestadas.
- Aqueles/as alumnos/as cualificados/as negativamente nalgunha proba poderán recuperala na proba que se fixe a tal efecto.
- As probas de recuperación dunha avaliación levaranse a cabo no período establecido para tal fin na lexislación vixente, e poderanse celebrar nunha mesma data para recuperar todas as unidades non superadas.
- Se un/ha estudante é sorprendido/a copiando nunha proba ou, no seu caso, manipulando o equipo informático sen seguir as instrucións da profesora, suspenderá a mencionada proba (que será cualificada cun cero) e deberá recuperala na recuperación que se fixe para o grupo.
- A cualificación da avaliación será a nota ponderada segundo o establecido nesta programación das cualificacións das UD avaliada, sendo necesario ter superadas cada unha das UD para o cálculo da mesma.
- A cualificación final do módulo será a nota ponderada segundo o establecido nesta programación, sendo necesario ter superadas cada unha das UD para o cálculo da mesma.
- Nas avaliacións a cualificación será un número enteiro comprendido entre 1 e 10.

Procedemento e criterios de recuperación

Realizarse unha proba de recuperación para os alumnos que non acadasen resultados positivos. A proba terá as mesmas características que as de cada avaliación con contidos teóricos e prácticos, só que agora se realizarán nun mesmo día.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No curso 2025/2026 non figuran matriculados alumnos con materias pendentes.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua, de acordo co establecido na normativa vixente, disporá dunha proba extraordinaria de avaliación que lle permita demostrar a adquisición das competencias e resultados de aprendizaxe recollidos no currículo do módulo. A proba extraordinaria ten como finalidade avaliar se o alumno ou alumna é capaz de aplicar de forma autónoma os coñecementos, procedementos e actitudes profesionais propios do módulo, garantindo así que acada as competencias profesionais, persoais e sociais asociadas.

Proba escrita con exercicios, preguntas abertas e/ou tipo test sobre conceptos, técnicas e procedementos das técnicas de almacén, segmentado en UDD. Para superar o módulo na proba extraordinaria, o alumnado deberá

acadar unha puntuación mínima do 50 % en cada parte e unha cualificación global igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A avaliación basearase na corrección técnica, coherencia metodolóxica, claridade na exposición e adecuación das propostas á realidade empresarial.

A proba realizarase na data establecida polo calendario oficial de avaliacións extraordinarias do centro. O profesorado do módulo informará previamente ao alumnado sobre o formato, criterios e materiais necesarios.

En caso de non superar a avaliación extraordinaria, o alumnado deberá repetir o módulo na seguinte convocatoria académica.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado poida acadar as competencias profesionais, persoais e sociais propias do módulo, estableceranse medidas de reforzo educativo orientadas a apoiar a aquel alumnado que amose dificultades ou non responda de forma global aos obxectivos programados.

1. Detección temperá das dificultades. O profesorado realizará un seguimento continuo da progresión do alumnado mediante:

- Observación sistemática da participación e da actitude nas sesións prácticas e teóricas.
- Revisión dos exercicios, informes e proxectos presentados.
- Comunicación individual co alumnado para identificar as causas das dificultades (falta de hábitos de estudo, descoñecemento conceptual, dificultades técnicas, etc.).

2. Medidas de reforzo específicas. Para favorecer a recuperación e mellora da aprendizaxe proporanse as seguintes actuacións:

- Tutorías individualizadas ou en pequeno grupo, centradas na revisión dos contidos ou procedementos que presenten maior dificultade.
- Actividades de reforzo adaptadas, con exercicios prácticos de aplicación gradual dos conceptos, especialmente en áreas como a planificación do traballo de campo, o deseño de cuestionarios ou o tratamento de datos.
- Reformulación de tarefas e proxectos, permitindo a reelaboración e mellora dos traballos entregados tras recibir orientación do profesorado.
- Uso de recursos complementarios (materiais audiovisuais, simuladores, ferramentas dixitais de investigación comercial) para reforzar a comprensión e motivación.
- Coordinación co departamento de orientación, cando as dificultades teñan un carácter máis global ou afecten a varias áreas.

3. Temporalización e seguimento

- As medidas aplicaranse de maneira inmediata en canto se detecten as dificultades, sen agardar ás sesións de avaliación.
- O profesorado realizará un seguimento individualizado para comprobar a eficacia das medidas e adaptalas segundo a evolución do alumnado.
- No caso de non se acadar unha mellora suficiente, o alumnado poderá acceder ás actividades de recuperación parciais ou finais establecidas na presente programación.

4. Coordinación e avaliación das medidas O conxunto das accións de reforzo será revisado nas reunións de equipo docente, co obxectivo de garantir a coherencia das intervencións e compartir estratexias de apoio ao alumnado. Ademais, recollerase o impacto destas medidas na mellora do rendemento e na superación do módulo.

8.1. Programación da educación en valores.

A educación en valores cívicos e profesionais, está presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo, coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática:

- Fomentarse o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, creando grupos de traballo heteroxéneos nos que se valore a participación e a colaboración de todo o alumnado.
- Promoverese o espírito emprendedor do alumnado, mediante a formulación de tarefas individuais e grupais nas que teñan que traballar a súa creatividade, iniciativa e a colaboración efectiva.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Faranse aquelas fixadas no departamento de Comercio e Marketing.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

- Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da avaliación na aplicación informática habilitada para o seguimento das programacións.
- Ao final do ano realizase unha valoración global.
- Ao final do curso académico realizarase unha enquisa a través da Aula Virtual entre o alumnado para valorar a práctica docente.

11.1. Outros apartados.